

**O DIA MUNDIAL DA POESÍA**, celebrarase este ano no VERBUM - *casa das palabras* o mércores 21 de marzo ás 20.30h, cunha actividade que une música e poesía. Este concerto - recital impulsado pola Concellería de Cultura e producido por Sul producciones invita non so ao publico máis versado a disfrutar e achegarse á poesía galega se non a unha audiencia máis xeral que de seguro conectará con esta proposta que mestura música e poesía.

O grupo **Xardín Desordenado** interpretará poemas de poetas galegos feitos canción. A este concerto que ten como absoluto protagonista á poesía galega súmanselle tres grades nomes da poesía galega actual que veñen a representar 3 xeracións de escritores, **Xosé María Álvarez Cáccamo, Marta Dacosta e María Lado**.

Os breves recitais dos poetas oiranse totalmente integrados e acompañados pola música do grupo vigués sendo unha ocasión sen dúbida única para coñecer parte dos novos traballo literarios dos poetas.



CONCELLO DE VIGO 

**VERBUM**  
casa das palabras

**21 de marzo** ás 20.30h

**día mundial da poesía**

**concerto - recital**

entrada libre até completar aforamento

xardín desordenado  
xosé maría álvarez cáccamo  
marta dacosta  
maría lado

produce 

No outono de dous mil oito, uns músicos de Vigo decidiron recorrer librerías e bibliotecas, na procura de palabras as que lle poñer música. A selección resultante non obedeceu a criterios cronolóxicos, estilísticos o temáticos, senón á inspiración (as veces provocación) que os poetas producían nos exploradores .

O obxectivo de Xardín Desordenado é promover á poesía galega, concretada nos dezaseis poemas musicados, que pola variedade xeracional e estilística, pode constituir un mostrario significativo. Xanoutras ocasións, a música tense demostrado como un eficaz vehículo para a transmisión da poesía.

No seu primeiro traballo discográfico "Xardín desordenado" (sul producciones 2011), acompañados pola cálida sonoridade que proporcionan os instrumentos acústicos estes, "xardineiros desordenados" camiñan entre o bolero, o swing, o blues ...da man de magníficos textos.(Álvarez Cáccamo, Fernán Vello, Eduardo Estévez, Xohán Cabana,Ramiro Fonte, Daniel Salgado, Serxio Iglesias, Manuel Rivas, RafaVillar, Álvarez Blázquez, Pereira Varcárcel, Manuel María, AnxoQuintela, Uxío Novoneyra e Kiko Neves).



**Santiago Ferragud: Voz e Guitarra española**

**Marlene Rodrigues: Voz**

**Blas Segura: Baixo acústico**

**David Outumuro: Percusión**

**Isaac Garabatos: Guitarra española**

## Poetas



**XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO.** naceu en Vigo no ano 1950. Poeta e crítico literario. Practica tamén a poesía visual e obxectual. Ten publicado ademais obra narrativa e teatral.

É autor, entre outros, dos seguintes libros de poemas : *Praia das furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza* (1985), *Os documentos da sombra* (1986), *Luminoso lugar de abatimento* (1987), *Cimo das idades tristes* (1988), *O lume branco* (1991), *Calendario perpetuo* (1997), *Os cadernos da ira* (1999), *Vocabulario das orixes* (2000), *Depósito natural* (2002), *Vento de sal* (2008) e *A boca da galerna* (2011).. En *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)*, publicado en 2003, recóllese a súa poesía publicada até o momento. No ano 2004, en edición bilingüe castelán-galego, publicouse unha escolma da súa obra poética, titulada *Habitación del mar. Antología, 1983-2003* (2004). E en 2010 unha nova selección, titulada *De sombras e poemas que son casas. Antoloxía poética sonora*, que inclúe un CD con poemas recitados polo autor.

Lerá fragmentos do seu novo libro **A boca da galerna (2012)**



**MARTA DACOSTA** (Vigo, 1966). Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e profesora no Ensino Secundario. A súa obra poética está recollida en diversas antoloxías, e foi traducida ao ruso, ao catalán ou ao español. Recibiu os premios: poesía xuvenil A Peneira, 1986, O Grelo 1993, accésit no Fermín Bouza Brey 1993, González Garcés 1995, Martín Códax 1998 e o accésit do premio Esquíu en 1999, entre outros. Publicou tamén o libro de viaxes *Baixo Miño*, 2009. A súa reflexión literaria céntrase no papel da muller escritora, na súa xeración ou no significado simbólico do mar na poesía galega e ten analizado a obra de autores como Manuel María, Victoriano Taibo ou Méndez Ferrín. Tamén investigou sobre a sintaxe do galego medieval. Desde 2004 colabora con diferentes medios de comunicación.

Obra poética:

Crear o mar en Compostela (1994, 2004)

Pel de ameixa (1996)

Setembro (1998)

En atalaia alerta (2000)

As Amantes de Hamlet, (2003)

Lerá fragmentos do seu novo libro **Acuática alma, (2011)**



**MARÍA LADO** nació en Cee (A Coruña), en 1979. Desde muy pronto se interesó por la poesía y eso la llevó a formar parte del Batallón Literario da Costa da Morte. Desde entonces ten publicados tres libros con textos deses que non chegan ao final da liña: a primeira visión (letras de cal, 1997), casa atlántica casa cabaret (xerais, 2002) e berlín (concello de santiago-El correo gallego-aelg, 2005).

Lerá fragmentos do seu novo libro **Amantes (2012).**